

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	FOZ
Edificio	Basílica de San Martiño de Mondoñedo
Dirección	
	43.5609996 -7.3032901
Protección	<p>Ben: Igrexa Parroquial San Martín de Mondoñedo Comunidade Autónoma: C.A. Galicia Provincia: Lugo Municipio: Foz Entidade local menor: Mondoñedo Categoría: Monumento Código: (R.I.) - 51 - 0000716 - 00000 Rexistro: (R.I.) REXISTRO BIC INMUEBLES: Código definitivo Data de Declaración: 03-06-1931 Data Boletín Declaración: 04-06-1931 Disposición: REAL DECRETO Matiz: TRAMITADOS 6º B Ministerio de Educación, Cultura y Deporte (22-07-2016)</p>
Descricion	<p>A Basílica de San Martiño de Mondoñedo é un templo de orixe prerrománica situado na Mariña Lucense, sé do bispado de Mondoñedo durante moitos anos, que se atopa en bo estado de conservación. Atópase na parroquia de San Martiño de Mondoñedo, concello de Foz, no norte da provincia de Lugo. Na actualidade, amais de estar aberta ó culto, alberga no seu interior un museo.</p> <p>Está considerada como a catedral máis antiga de España, xa que no século IX foi sé de dous bispados do Reino de Galicia, un trasladado desde Dumio, no distrito de Braga (Portugal), e outro trasladado desde Bretoña, na provincia de Lugo.</p> <p>O edificio actual é románico de finais do século XI e os recios contrafortes son obra do século XVIII. Desde o ano 1931 está catalogada como BIC e no 2007 obtivo a categoría de basílica.</p> <p>Ó lado da basílica está a fonte da Zapata, segundo a lenda neste lugar o bispo San Gonzalo tirou unha zapatilla e abrollou auga, auga que se considera que ten propiedades milagreiras. WIKIPEDIA (25-07-2016)</p>
Campás	<p>A torre conta con tres campás, coa inscrición habitual das campás galegas: "JHS MARIA JOSE" é dicir "JESÚS MARÍA JOSÉ".</p> <p>As tres teñen o seu cepo orixinal, que conserva restos de cor azul. As dúas campás maiores teñen unha peza de pedra na parte superior e seguramente a pequena tamén. Están en regular estado de conservación e fai moitos anos que non se tocaron manualmente.</p>
Fotos	56

Toques actuais de campás	O ordenador ten programados os seguintes toques: T1 - REPIQUE T2 - D. HOMBRE T3 - D. MUJER T4 - DIARIO T5 - FIESTA Os toques manuais, excepto o repenique das dúas campás maiores, son imposibles, debido á mala instalación dos mecanismos. Fai moitos anos que esas campás non soaron manualmente.
Conservación, mantemento	A torre foi restaurada recentemente. A escaleira é nova, de madeira, e tanto o chan da sala de campás como o chan das fiestras están cubertos dunha lámina de metal, posiblemente cobre, para a súa protección. Non obstante a trampilla de madeira que pecha a escaleira, está inchada e presenta moitas dificultades tanto para a súa apertura como para pechala correctamente.
Propostas	
Autores da documentación	ÁLVARO MUÑOZ, Mari Carmen; LLOP i BAYO, Francesc
Data	21-07-2016

Campás desaparecidas

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
	Campá rota				

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Sala de campás	Campá (0)	OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)	1956	38	32
Sala de campás	Campá (1)	BLANCO PALACIO, FRANCISCO (MONDOÑEDO)	1813	65	159
Sala de campás	Campá (2)	OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)	1955	89	408

Información completa: [Basílica de San Martiño de Mondoñedo - FOZ \(GALICIA\)](#)